



BASES DO PROGRAMA CONCILIA 2023

1. Obxecto

O Programa Concilia 2023, é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais a posibilidade de que os seus fillos e fillas nas datas de vacacións de verán: xullo e agosto, poidan optar a esta proposta que se pon en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores. É un servizo independente dos cursos de natación 2023.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas persoas que teñan fillos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos e que xa estean cursando nos CEIP.

3. Desenvolvemento das actividades

A actividade desenvolverase co seguinte cronograma:

1. QUINCENA: do 3 ao 14 de xullo
2. QUINCENA: do 17 de xullo ao 28 de xullo.
3. QUINCENA: do 31 de xullo ao 18 de agosto.
4. QUINCENA: do 21 de agosto ao 1 de setembro.

En cada unha das quincenas haberá dúas quendas:

- 1) QUENDA: horario de 9.00 a 14.00 horas
- 2) QUENDA: horario de 10.30 a 14.00 horas.

Lugar: a recepción e recollida de participantes realizase no pavillón municipal de deportes.

As actividades realizaranse nas seguintes instalacións: pavillón de deportes, recinto colexio Vila de Cruces, parque xunto á Residencia de maiores, auditorio Xosé Casal, piscina municipal, zonas exteriores próximas ao pavillón.

Transporte: Nesta anualidade 2023; volvemos presentar a opción de transporte no concilia de verán 2023. No caso de solicitar este servizo terán que escoller o horario da 1º quenda de 9:00h a 14:00h. Para a prestación deste servizo é obrigatorio que estea en todo momento un dos proxenitores/titores legais para a recollida de cada neno/a. *Terá que haber un mínimo de 10 solicitudes de transporte para que se poida prestar este servizo. Horarios e paradas:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





HORARIO (APRÓX)	NOME DA PARADA
8:30am	GRES (onde o bar a de Rafael)
8:35am	CAMANZO (parada de bus na xeneral despois da de Crisostimo á man dereita que sube para Lamego/ Souto)
8:35am	FARRAPA (no cruce de Camanzo que vai para Bascuas, antes da gasolinera)
8:40am	CEIP CERDEIRIÑAS (onde o colexio de Piloño, onde paran os autobuses)
8:40 am	PILOÑO (na parada onde o cruce que vai para Salgueiros que está enfrente do aserradero)
8:45 am	CARBIA (na parada onde o campo da festa de Carbia)
8:45 am	COVAS (onde a parada que está na xeneral que sube para a zona de Covas, Carbia)
8:50	CUMEIRO (onde o Castro de Cumeiro)
8:55 am	VILA DE CRUCES (onde a parada que está despois do punto limpo)

4. Solicitudes

A solicitude presentarase no formulario normalizado que figura como ficha de inscrición/solicitude do Programa Concilia 2023, e que estará dispoñible nas dependencias do Concello, ou na web www.viladecruces.es e enviarase por ABALAR.

Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor-a legal.
- Copia do libro de familia
- De ser o caso, copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio; ou da resolución xudicial que estableza as medidas paternofiliais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e /ou do convenio regulador.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





- d) De ser o caso, certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social.
- e) Copia da Declaración da renda das persoas físicas do ano 2022, que compoñan a unidade familiar.
- f) Certificado de traballo, copia da última nómina, etc, que xustifique a situación laboral do pai e/ou a nai no caso de traballadores por conta allea.
- g) No caso de autónomos, certificado de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou Autónomo ou último recibo de pago.
- h) Informes médicos das persoas proxenitoras que estén de baixa por enfermidade ou maternidade, que xustifiquen a imposibilidade de atender aos seus fillos/as.

O Concello comprobará de oficio o empadramento dos participantes e dos seus proxenitores.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

*No caso das persoas que soliciten o concilia en xullo ; se o solicitan tamén en agosto non precisarán presentar 2 veces a documentación requerida, simplemente presentarán en agosto a ficha de inscrición no período estipulado para a presentación de solicitudes do concilia de agosto.

5. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das **solicitudes** para o **concilia** de **xullo** será **dende o 15 de maio de 2023 ata o 22 de maio de 2023 ás 13:00h.**

O prazo de presentación das **solicitudes** para o **concilia** de **agosto** será **dende o 12 de xuño de 2023 ata o 19 de xuño de 2023 ás 13:00h.**

As solicitudes deberanse **presentar presencialmente no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica.**

NON SE RECOLLERÁN SOLICITUDES FORA DO PRAZO ESTIPULADO. (*Agás se quedan prazos libres que se abrirá un período de presentación de solicitudes extraordinario).

Haberá un **máximo de 70 prazos** que serán cubertas según o estipulado no punto “7.Procedemento de concesión de prazos”.

6. Prezo

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





O prezo do programa será o seguinte:

1º quenda: horario de 9.00 a 14.00 horas: 30 euros por quincena.

2º quenda: horario de 10.30 a 14.00 horas: 20 euros por quincena.

Transporte: 5 euros por quincena (só se realizará no caso de cubrir un mínimo de 10 prazas).

O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión do participante. No caso de non formalizar o pagamento no tempo e forma indicados producirase a baixa no programa.

7. Procedemento de concesión de prazas.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 1 día hábil, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

Na selección terase en conta o nivel de renda da unidade familiar e deberá darse prioridade ás persoas participantes con menos ingresos. En todo caso, terán prioridade as persoas participantes cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2022 (IPREM), límite que se incrementa nun 15 % máis cando se trate de familias monoparentais ou de familias numerosas.

A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos segundo o seguinte orde de preferencia:

1º Nenos/as que cursen nos CEIP Cerdeiriñas ou no CEIP Nosa Señora da Piedade (Vila de Cruces).

2º.- Nenos/as que estean empadroados no Concello de Vila de Cruces con alomenos un dos seus proxenitores.

3º.- Que ambos proxenitores estean realizando unha actividade laboral ou profesional remunerada ou cursen estudos. No caso de familias monoparentais, que o proxenitor realice actividade profesional. Inclúranse as persoas proxenitoras que estean de baixa por enfermidade ou maternidade e xustifiquen a imposibilidade de atender aos seus fillos/as no horario establecido para a prestación do servizo.

4º.- Menor nivel de renda familiar.

5º.- Nenos/as que un so proxenitor estea traballando.

6º.- Menores cuxos proxenitores non exerzan actividade laboral.

7º.- Menores non empadroados en Vila de Cruces.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





8. Publicación da listaxe de admitidos/as no servizo.

A listaxe de admitidos/as publicarase no taboleiro de anuncios; no facebook e na web do Concello de Vila de Cruces.

9. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes de admitidos/as publicaranse na web do concello de Vila de Cruces, no facebook do concello de Vila de Cruces e no taboleiro de anuncios.

As persoas que se inscriban son conscientes de que o nome e apelidos serán publicados en ditos medios non podendo reclamar ao Concello de Vila de Cruces pola difusión da listaxe de admitidos/as.

11. Traslado dos nenos/as entre o concilia e os cursos de natación.

Aqueles nenos/as que estean admitidos no concilia e nos cursos de natación serán trasladados polos monitores para realizar ambos servizos (non será necesario que acudan os pais/nais para o traslado dos nenos/as do concilia aos cursos de natación).

Asinado. Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

